



REGULAMENTO DE INVESTIGADORES/AS VISITANTES INTERNACIONAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado polo Consello de Goberno do 27 de marzo de 2014 e modificado polos Consellos de Goberno do 29 de setembro de 2015 e do 23 de xullo de 2019.

Artigo 1. Finalidade e ámbito de aplicación

1. O presente regulamento ten por obxecto establecer as condicións das estadias oficiais dos/as investigadores/as visitantes de sistemas universitarios non nacionais na UDC (programa de investigadores/as visitantes internacionais da UDC, a partir de agora PIVI UDC).

2. Os/as investigadores/as que participen neste programa poderán realizar estadias de investigación na UDC coa consideración oficial de investigador/a visitante internacional.

3. Esta consideración dará acceso aos mesmos servizos e dereitos dos que gozan os/as investigadores/as residentes da UDC.

4. Os/as investigadores/as visitantes internacionais poderán pertencer a unha destas categorías:

- a) Investigador/a Visitante Senior (*Visiting Scholar*): profesor/a ou investigador/a dependente doutra institución non nacional que realiza unha estancia na UDC coa finalidade de desenvolver unha investigación en colaboración cun investigador/a ou no seo dun grupo de investigación da UDC.
- b) Investigador/a Visitante Predoutoral ou Posdoutoral (*Visiting Researcher*): estudante dun programa de doutoramento noutra institución non nacional ou doutor con menos de dez anos de experiencia que realiza as súas tarefas de investigación baixo a tutela dun profesor/a ou investigador/a da UDC.

Artigo 2. Requisitos para participar no PIVI UDC

Pode participar no PIVI UDC calquera persoa de fóra do sistema universitario español que desexe realizar unha estadia de investigación na UDC, sempre que:

- a) A estadia prevista teña unha duración mínima dunha semana e máxima de doce meses.
- b) O/a investigador/a conte cunha carta de invitación dalgún membro do PDI da UDC, en que manifeste a viabilidade da estadia e da investigación prevista, así como, no caso dos/as investigadores/as visitantes predoutorais ou posdoutorais, a súa



disposición a facerse cargo da titorización do/a investigador/a durante o tempo da dita estadía.

- c) O/a investigador/a acepte someterse durante a súa estadía ás normativas propias da UDC, especificamente no relativo á prevención de riscos e protección, propiedade intelectual e protección de datos, así como contratar, cando sexa necesario polo tipo de centro onde se realiza a estadía, un seguro de accidentes laborais, circunstancia da que será informado/a oportunamente.

Artigo 3. Presentación e tramitación das solicitudes

Os/as interesados/as en participar no PIVI UDC deben remitirle as súas solicitudes en calquera momento do curso académico á Oficina de Relacións Internacionais da UDC mediante un correo electrónico, no que envíen o modelo de solicitude do anexo I e, se xa dispoñen dela, a carta de invitación do membro do PDI da UDC.

No caso de que o/a interesado/a non teña carta de invitación, deberá achegar á súa solicitude unha breve referencia ao tema ou temas sobre os que pretende investigar na UDC e un breve currículo en que se describa a súa traxectoria investigadora. A Oficina de Relacións Internacionais fará as xestións que sexan oportunas para comprobar se na UDC existe algún membro do PDI que poida acoller o solicitante ou, no caso dos/as investigadores/as visitantes predoutorais ou posdoutorais, facerse cargo da súa titorización durante a estadía proposta. A persoa solicitante será informada do éxito ou fracaso desta xestión por parte da ORI o máis axiña posible.

Se a persoa solicitante reúne os requisitos precisos para participar no programa, a ORI procederá a comunicarlle por correo electrónico a súa aceptación neste.

Todas as solicitudes deben presentarse cun mes mínimo de antelación co respecto á data prevista para o inicio da estadía.

No caso de que a persoa solicitante contacte directamente cun investigador da UDC, este deberalle remitir a proposta á Oficina de Relacións Internacionais ao enderezo ori1@udc.gal que informará ao solicitante sobre o proceso de admisión.

Artigo 4. Trámites previos á estadía

No mesmo momento en que adquiren a condición de investigadores visitantes da UDC, as persoas interesadas recibirán unha carta oficial de invitación, que poderán empregar, de ser o caso, para solicitar o visado.

Artigo 5. Xestión da chegada á UDC

Á súa chegada á Universidade, o/a investigador/a visitante presentarase na Oficina de Relacións Internacionais da UDC.

O/a investigador/a deberá entregar na Oficina de Relacións Internacionais os seguintes documentos:



- a) Copia do pasaporte, ou da tarxeta nacional identificativa, se é nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- b) Copia do xustificante de ter contratado un seguro médico ou, se é o caso, da tarxeta sanitaria europea.
- c) Copia do xustificante de ter contratado un seguro de accidentes, no caso de que sexa necesario dependendo do tipo de estadía que se realice, segundo o establecido no art. 2.c).

Unha vez entregados estes documentos, o persoal da Oficina procederá a rexistralo como investigador/a internacional visitante e comunicarlle a dita situación ao centro de acollida que corresponda.

O investigador ou investigadora recibirá un nome de usuario e un contrasinal que lle dará acceso aos distintos servizos da UDC (WI-FI, biblioteca, instalacións deportivas e culturais, etc.), así como un enderezo electrónico pertencente ao dominio udc.es.

Artigo 6. Obrigas e condicións económicas da estadía

Os/as investigadores/as visitantes comprométese a cumprir coa normativa vixente na UDC, así como a seguir as indicacións que, de ser o caso, lles fagan os seus titores en relación co desenvolvemento da súa investigación, especialmente no relativo á prevención de riscos laborais.

De conformidade cos Estatutos e o regulamento electoral xeral, os/as visitantes internacionais carecen de dereito de sufraxio activo e pasivo nos procesos electorais da UDC.

A UDC non adquire ningún compromiso de remuneración pola estadía, nin se fará cargo dos gastos propios de viaxe, aloxamento, seguro médico e manutención do investigador, nin con calquera outro derivado da estadía. En todo caso, a Oficina de Relacións Internacionais facilitaralles a información sobre os posibles aloxamentos aos investigadores que lla requiran.

Os/as investigadores/as internacionais deberán ter en regra en todo momento os documentos necesarios para a súa permanencia en territorio español e xustificalo ante a ORI se así se lle requirise.

Artigo 7. Certificación oficial da estadía do/a investigador/a

Á finalización da súa estadía, os/as investigadores/as visitantes internacionais recibirán unha certificación oficial da UDC, en que se fará constar a condición de investigador visitante internacional da persoa interesada, a duración da estadía, o tema obxecto da investigación, e o nome do titor ou anfitrión.

Para obter esta certificación oficial, o/a investigador/a debe acudir á Oficina de Relacións Internacionais para formalizar a finalización da estadía. Para estes efectos, a persoa interesada deberalle comunicar á Oficina a data prevista de fin de estadía cunha semana de antelación.



Disposición adicional. Ampliación do programa aos investigadores visitantes nacionais.

Os/as investigadores/as procedentes doutras universidades españolas, centros de I+D, organismos públicos de investigación e demais axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación que cumpran os requisitos do artigo 2 deste Regulamento, terán a consideración oficial de investigador visitante da UDC, cos mesmos dereitos e obrigas que se establecen nesta norma para os investigadores visitantes internacionais.

Habílitate a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia para desenvolver o procedemento concreto de presentación e tramitación das solicitudes, ben como a xestión da chegada á UDC que se lles aplicará aos investigadores visitantes nacionais.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor coa súa publicación íntegra na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

**ANEXO I: SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROGRAMA DE INVESTIGADORES VISITANTES**

Apelidos		Nome	
Enderezo completo:			
CP	Municipio		
Provincia		País	
Tel.		Correo electrónico	
Data de nacemento		Nacionalidade	

Datos da institución de procedencia

Universidade	País
Facultade	Departamento

Datos sobre a estadía na Universidade da Coruña

Tema(s) da investigación		
Centro/Grupo de investigación de acollida		
Profesor que avala a estadía, de ser o caso		
Duración prevista (meses)	Data de inicio	Data de fin
Categoría de Investigador Internacional Visitante a que se quere acoller o/a solicitante		
<ul style="list-style-type: none">Investigador Visitante Senior (Visiting Scholar) <input type="checkbox"/>Investigador Visitante Predoutoral ou Posdoutoral (Visiting Researcher) <input type="checkbox"/>		

SOLICITO

A admisión para realizar unha estadía de investigación na Universidade da Coruña, de acordo coa información indicada no presente documento.



Data

Sinatura

PARA CUBRIR POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Visto e praxe do profesor investigador que avala a estadía

Don/dona _____, persoal docente e/ou investigador da Universidade da Coruña, pertencente ao Departamento/Grupo de investigación _____ (Centro/Facultade _____), acepta actuar como anfitrión/titor do candidato _____ durante a súa estadía como investigador visitante internacional e garantirá a viabilidade da estadía e da investigación prevista.